e f g h l	B9.2. Papel da Revolución Tecnolóxica na globalización.	B9.2. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica.	XHB9.2.1.	Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos.	CSC CAA CCL CD	-TIC -ECC
e g h l m ñ	B9.3. Consecuencias da globalización. Relacións interrexionais; focos de conflito.	B9.3. Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado.	XHB9.3.1.	Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflictivo das condicións sociais do proceso de globalización.	CSC CD CAA CCL CMCCT CSIEE	-TIC -IHM -EMP
ECONOMÍA 2º ciclo de ESO.4º ESO						
1ª AVALIACIÓN. BLOQUE I. IDEAS						

ECONÓMICAS BÁSICAS						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	Elementos transversais
a d f	<p>B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.</p> <p>B1.2. Principios na toma de decisións económicas.</p> <p>B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.</p>	B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas.	ECB1.1.1..	Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.	CCL CSC	-EMP -CL
f h o	<p>B1.4. O método na economía: modelos económicos.</p> <p>B1.5. Fronteira de posibilidades de produción.</p>	B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles.	ECB1.2.1. ECB1.2.3.	<p>Diferenza entre economía positiva e economía normativa.</p> <p>Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.</p>	CAA CSC CD CMCCT	-TIC -EMP
a f	B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación.	B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as	ECB1.3.1.	Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.	CMCCT CSC	-ECC -EMP

		necesidades.				
BLOQUE 2. ECONOMÍA E EMPRESA						
a b e m	B2.1. A empresa e o/a empresario/a. B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. B2.3. Clases de empresas. B2.4. Formas xurídicas da empresa.	B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato.	ECB2.1.1. ECB2.1.2.	Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	CMCCT CSIEE CAA CD	-ECC -EMP -EOE
a f e	B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos. B2.6. Sectores da actividade económica.	B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo.	ECB2.2.1. ECB2.2.2.	Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.	CMCCT CSC CD CSC	-EMP -EOE
e f	B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas	B2.3. Identificar as fontes de financiamento das	ECB2.3.1.	Explica as posibilidades de financiamento das	CCL CD	-TIC -EMP

	formas de financiamento.	empresas.		empresas e o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	CMCCT	
e f	B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación. B2.9. Resultados da empresa.	B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.	ECB2.4.2.	Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	CD CMCCT	-TIC -EMP -CL
a e f	B2.10. Obrigas fiscais das empresas.	B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais.	ECB2.5.1. ECB2.5.2.	Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.	CD CMCCT CSC	-ECC -EMP
<p style="text-align: center;">2ª AVALIACIÓN.BLOQ UE 3. ECONOMÍA</p>						

PERSOAL						
d e f	<p>B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos.</p> <p>B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.</p>	<p>B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.</p>	<p>ECB3.1.1.</p> <p>ECB3.1.2.</p> <p>ECB3.1.3</p>	<p>Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.</p> <p>Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.</p> <p>Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.</p>	<p>CAA CD CMCCT</p> <p>CAA CD CMCCT</p> <p>CAA CD CMCCT</p>	<p>-TIC</p> <p>-EMP</p> <p>-EOE</p>
a d m	<p>B3.3. Planificación económico-financiera: necesidades económicas nas etapas da vida.</p>	<p>B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.</p>	<p>ECB3.2.1.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSIEE 	<p>-ECC</p> <p>-EOE</p>

				decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.		
a f	B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións. B3.5. Risco e diversificación.	B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.	ECB3.3.1. ECB3.3.2.	Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	CAA CSC CAA CSC	-TIC -EMP
a b e f g	B3.6. O diñeiro. B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito. B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación. B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro.	B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	ECB3.4.1. ECB3.4.2.	Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	CCL CMCCT CCL CAA CD	-ECC -EMP -CL

			ECB3.4.4.	Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	CCL CD CMCCT	
e f g	B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.	B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.	ECB3.5.1.	Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	CAA CCL CMCCT	-ECC -EMP
BLOQUE 4. ECONOMÍA E INGRESOS E GASTOS DO ESTADO						
a b e f g ñ	B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado.	B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.	ECB4.1.1. ECB4.1.2.	Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos	CMCCT CSC CD	-CA -TIC -EOE

			ECB4.1.3.	do Estado. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.	CMCCT	
			ECB4.1.4	Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.	CMCCT CSC	
					CCL CSC	
a e f	B4.2. A débeda pública e o déficit público.	B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.	ECB4.2.1.	Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	CCL CMCCT	-ECC -EMP
a c d e f	B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda.	B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.	ECB4.3.1.	Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda	CCL CMCCT CSC	-TIC -IHM -CL

			ECB4.3.2.		CAA CD CMCCT	
3ª AVALIACIÓN.BLOQUE 5. ECONOMÍA E TIPOS DE XURO, INFLACIÓN E DESEMPREGO						
a c e f	B5.1. Tipos de xuro. B5.2. Inflación. B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación. B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias.	B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.	ECB5.1.1. ECB5.1.2. ECB5.1.3.	Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.	CCL CSC CCL CMCCT CSC CD CMCCT	-TIC -EMP -CL
a c e f	B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego en Galicia. B5.6. Perspectivas da ocupación.	B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego.	ECB5.2.1.	Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. Investiga e recoñece	CCL CMCCT CSC	-ECC -EMP

			ECB5.2.3.	vieiros e tendencias de emprego.	CAA CD	
BLOQUE 6. ECONOMÍA INTERNACIONAL						
a e f m	B6.1. Globalización económica. B6.2. Comercio internacional. B6.3. Integración económica e monetaria europea. B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade.	B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente.	ECB6.1.1. ECB6.1.4. ECB6.1.5.	Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	CAA CSC CCL CD CSC CAA CSC	-ECC -EMP -EOE -CL

4. Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición de competencias clave. Materiais e recursos didácticos.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Xeografía e Historia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. É moi importante ter presente o papel do/da docente como orientador/a, promotor/a e facilitador/a do desenvolvemento de competencias do alumnado, e non esquecer a adecuada coordinación entre docentes.

Na aula: mapas de todo tipo, gráficos e diagramas, proxector e diapositivas, atlas e enciclopedias. Nas aulas de vídeo botarase man de documentais alusivos e ordenador con conexión a Internet.

Os libros de texto son os seguintes:

Xeografía e Historia	1º ESO	Xeografía e Historia. Ed. Vicens Vives.	A. Albet Mas e outros	978-84-682-3121-1
Xeografía e Historia	2º ESO	Xeografía e Historia. Ed. Vicens-Vives	A. Albet Mas, D. Bosch Mestres e outros	978-84-682-3632-2
Xeografía e Historia	3º ESO	Xeografía e Historia Vicens Vives	A. Albet Mas e outros	978-84-682-3043-6
Xeografía e Historia	4º ESO	Xeografía e Historia. Ed. Vicens-Vives	M. García Sebastián, C. Gatell Arimont, S. Riesco Roche	978-84-68209487

5. Plan de reforzo

No caso de que se produciran confinamentos temporais aplicarase un plan de reforzo que podería ter carácter xeral para o grupo ou individualizado e que se baseará nos seguintes principios:

Metodoloxía:

A proba obxectiva final a distancia realizarase a través da aula virtual do centro.

A metodoloxía empregada estará baseada na educación a distancia virtual do centro loxías aplicadas á comunicación a distancia.

Polo tanto, será unha avaliación flexible e individualizada

As actividades envíanse ao alumnado acompañados con explicacións teóricas, ademais de referencias aos seus libros de texto. Tamén se acompañan as datas de entrega, semanais ou quincenais e os métodos, que poden ser documentos de texto procesado informaticamente (remitidos a través de correo electrónico) ou fotografías remitidas por mensaxería móbil instantánea.

O profesor realiza intermediación individualizada para apoiar a realización e entrega das tarefas.

Principios da metodoloxía:

Reforzo positivo: reforzaranse positivamente os progresos da alumna ou alumno.

Aprendizaxe indutiva: favoreceremos a autoaprendizaxe de xeito que sexan capaces de resolver problemas, organizar correctamente o seu propio traballo, tomar conciencia do que aprenden, etc.

Transferencia: é moi importante facilitar a capacidade de xeneralización de aprendizaxes en diferentes contextos e situacións.

Materiais e recursos:

Visionado de documentos audiovisuais: que sexan accesibles a todo o alumnado e estean

Libro de texto: as actividades a realizar, así como as explicacións do profesor refírense aos contidos e exercicios que se propoñen no libro de texto, por ser un material dispoñible para todo o alumnado.

Presentacións pps: realizadas polo profesor como apoio á explicación de contidos. relacionados coa ampliación de contidos proposta neste trimestre.

Nalgúns casos, mediante o uso de aplicacións adaptadas para o seu uso en dispositivos

Faisellecasos, mediante o uso de aplicacións adaptadas para o seu uso en decepción e envío de información de que dispón cada alumno/a.

Como norma xeral establécese a remisión de información ao alumnado e ás familias a través do correo electrónico corporativo do profesor. móbiles como a aplicación de mensaxería instantánea What's App, que permite o envío de imaxes, textos e audios explicativos

6. Procedemento para a avaliación inicial.

Para a realización da avaliación inicial optárase pola realización dunha proba escrita na que se tratarán brevemente algúns dos contidos propios da materia. Así, a principio do curso faise unha avaliación diagnóstica para comprobar o grao de consolidación da aprendizaxe despois dos meses de vacacións.

Esta proba serviranos para coñecer o grao de coñecementos previos do alumnado respecto das competencias básicas exixibles. Ao mesmo tempo permitirá ao profesor e ao alumnado ir comprobando o grao de aprendizaxe ao longo do curso respecto do grao de coñecemento trazado na avaliación inicial.

7. Procedemento de avaliación continua.

A aprendizaxe do alumno debe ser avaliada sistemática e periodicamente, tanto para medir individualmente os coñecementos e competencias adquiridas como para, e por el, introducir no proceso educativo cantas sexan precisas se a situación o require. Haberá as tres avaliacións trimestrais nas que se terán en conta os elementos académicos a avaliar segundo esta programación.

A **avaliación por competencias** permite avaliar tanto o cumprimento dos obxectivos do curso, como o grao de adquisición das competencias básicas. Algúns criterios son ligados expresamente a conceptos, e outros, preferentemente á procedementos e actitudes. En función do obxectivo que perseguimos ao avaliar, contamos con varias modalidades, como é o caso da **avaliación sumativa**, realizada en diferentes momentos do curso e que temos que identificar con as finais de avaliación e de curso (ordinaria e extraordinaria, cando sexa o caso). Haberá outras avaliacións, como a **inicial** (non clasificada) e a final e, sobre todo, **continua** ou formativa, aquela que ocorre durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe, inmersa nel, e que insiste, polo tanto, na carácter orientador e de diagnóstico do ensino.

Atendendo a diferentes criterios, o currículo proponnos unha serie de ferramentas que nos permiten levar a cabo o proceso de avaliación na aula. No caso de avaliación **formativa**, serán a observación e o seguimento sistemático do alumno, é dicir, se tomarán en consideración todas as *produccións* para o desenvolvemento, tanto de carácter individual como grupal: traballos escritos, presentacións orais e debates, actividades de clase, lecturas e resumos, investigacións, actitude de aprendizaxe, precisión na expresión e auto-avaliación entre outros. E a avaliación **sumativa**, as probas escritas trimestrais e as de recuperación (e final de curso, se o alumno non tiver recuperado algunha, e extraordinaria, no caso de obter unha clasificación insuficiente na ordinaria final de curso). En todo caso, os procesos de avaliación serán variados, de forma que poidan adaptarse á flexibilidade que esixe a propia avaliación.

A avaliación continua non substitúe á sumativa, ten un valor dun 10% dentro da nota de cada

trimestre. A observación diaria do traballo e da actitude do alumno permiten establecer o grao de mellora durante o curso. Se un alumno acadara os contidos mínimos en cada estándar e obtén unha avaliación continua positiva, pode e debe recibir un aprobado.

Asemade, e de cara a observar a evolución da aprendizaxe e sen carácter vinculante para a promoción do alumnado haberá dúas avaliacións, unha inicial e outra final. Pero o proceso avaliador será único. Realizaranse diferentes probas escritas ou exames para determinar o grao de asimilación de coñecementos por parte do alumnado.

8. Procedemento de avaliación extraordinaria.

Para aqueles alumnos que nas probas do curso non acaden os niveis mínimos haberá probas extraordinarias.

No mes de xuño, unha vez realizados os exames da terceira avaliación, os alumnos que non superaron o curso pero que teñen unha **avaliación formativa** positiva terán a oportunidade de facer unha proba na que se avalíe a consecución dos distintos estándares para intentar superar o grao mínimo de consecución.

Os alumnos que non superaron a avaliación sumativa e teñen unha avaliación formativa negativa terán que facer unha proba escrita en setembro.

A proba de setembro basearase na avaliación das competencias clave. Os alumnos deberán acadar un cinco sobre dez para poder superar a materia.

9. Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes.

Os alumnos que non superen o curso nas probas ordinarias nin nas extraordinarias terán que volver presentarse a unha proba durante o curso seguinte.

No caso desta asignatura, na que a avaliación continua é indispensable, os alumnos poderán aprobar sen necesidade de facer unha proba específica sempre que aproben a avaliación sumativa nos distintos trimestres do seguinte curso e teñan unha avaliación formativa positiva.

No caso de alumnos que non superen a avaliación formativa ou a sumativa nos distintos trimestres do curso seguinte será necesario facer unha proba extraordinaria para superar a materia.

Os alumnos coa materia pendente recibirán reforzo en forma de fichas e pequenas titorías nas horas de biblioteca.

10. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Os procesos de avaliación teñen por obxecto tanto as aprendizaxes dos alumnos como os procesos mesmos de ensino. A información que proporciona a avaliación serve para que o profesor dispoña de información relevante co fin de analizar críticamente a súa propia intervención educativa e tomar decisións respecto diso.

Para iso, será necesario contrastar a información fornecida pola avaliación continua dos alumnos coas intencións educativas que se pretenden e co plan de acción para levalas a cabo. Avalíase por tanto, a programación do proceso de ensino e a intervención do profesor como animador deste proceso, os recursos utilizados, os espazos, os tempos previstos, a agrupación de alumnos, os criterios e instrumentos de avaliación, a coordinación... É dicir, avalíase todo aquilo que se circunscribe ao ámbito do proceso de ensino-aprendizaxe.

Autoavaliarase polo tanto:

- ⇒ A planificación
- ⇒ A motivación do alumnado
- ⇒ O desenvolvemento da ensinanza
- ⇒ O seguimento e a avaliación do proceso de ensinanza aprendizaxe

⇒ **Autoavaliación da planificación:**

Programo a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas

Programo a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.

Selecciono e secuencio de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.

Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.

Programo actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.

Establezo os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.

Coordínome co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.

⇒ **Autoavaliación da motivación do alumnado:**

Proporciono un plan de traballo ao principio de cada unidade

Expoño situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos).

Relaciono as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade

Informo sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas

Relaciono os contidos e as actividades cos intereses do alumnado

Estimulo a participación activa dos estudantes en clase

Promovo a reflexión dos temas tratados

⇒ **Autoavaliación do desenvolvemento da ensinanza:**

Resumo as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas

Cando introduzo conceptos novos, os relaciono, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...

Teño predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.

Optimizo o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.

Emprego axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula

Promovo o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.

Desenvolvo os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas

Expoño actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa

Emprego actividades de grupo e individuais

⇒ **Autoavaliación do seguimento e avaliación do proceso de ensinanza aprendizaxe:**

Realizo a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes

Detecto os coñecementos previos de cada unidade didáctica

Reviso, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela

Proporciono a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas

Corrijo e explico de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes

Utilizo suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos

Favorezo los procesos de autoavaliación y coavaliación

Propoño novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente

Propoño novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia

Emprego diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc

Emprego diferentes técnicas de avaliación en función dús contidos, ou nivel dous estudantes, etc.

11. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

- Impartición de contidos: Que a periodización de contidos se adapta á carga docente deste módulo e se imparte máis dun 85% dos contidos.
- Obxectivos: observación mediante as sucesivas avaliacións que a programación proposta permite acadar os obxectivos propostos e son avaliados positivamente máis do 75% dos alumnos e alumnas
- Que a programación permite a súa adaptación de cara á debida atención da diversidade
- Que a programación favorece o tratamento das TIC e o desenvolvemento da lectura, verificable a través do manexo que vai adquirindo o alumnado en ambas destrezas
- Enquisa ao alumnado a final de curso, na que se aprecia un avance entre os coñecementos da avaliación inicial e a final.

Desde unha perspectiva ampla, a avaliación da propia programación podería presentar tres momentos diferenciados.

1. O primeiro deles convídanos, tras a súa planificación e previamente ao seu desenvolvemento e aplicación en unidades ou proxectos de traballo, a testar a inclusión, idoneidade e pertinencia de todos os elementos curriculares prescritivos (ver exemplo de ficha de avaliación da programación didáctica).

2. O segundo momento alude á reorientación continua que a aplicación na aula da programación, pode achegar sobre os procesos de implementación. Instrumentos de avaliación como o caderno ou diario do profesor e o rexistro anecdótico, achegarán consideracións, xuízos, suxestións?, que logo serán obxecto dunha máis profunda reflexión ao final do proceso avaliador. As opinións do alumnado a través dos seus autoavaliacións ou as postas en común son tamén unha referencia importante para unha valoración máis participativa e compartida do proceso de ensino e aprendizaxe.

3. Por último, será ao final do proceso, tras a aplicación real da programación, cando teñamos unha perspectiva máis completa que se completará cos resultados da avaliación da aprendizaxe do alumnado.

A conxunción dos tres momentos xera información fiable e válida suficiente para emitir xuízos de valor que dean soporte á función formativa da avaliación e permitan reconducir, tomar decisións e mellorar as programacións, os seus procesos de aplicación e os resultados da súa posta en marcha.

FICHA DE AVALIACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	
0= no se contempla 1= se contempla de forma parcial 2= ben 3= excelente	
OBXECTIVOS	
Inclúense os obxectivos xerais da materia e coa numeración establecida na orde de currículo	
Quedan conectados cos criterios de avaliación (CA) e os seus indicadores, comprobando que todos os obxectivos serán abordados ao longo do curso	
COMPETENCIAS BÁSICAS	
Especificase o tratamento xeral que se lle vai a dar a cada competencia ao expoñer a contribución da materia ao desenvolvemento das mesmas	
As competencias conéctanse cos criterios de avaliación e a súa concreción en indicadores, para poder ser avaliadas	
Preséntanse desde a materia estratexias de animación á lectura e o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita	
Consideración de medidas para utilizar as TIC nos procesos de ensino e aprendizaxe	
CONTIDOS	
Organización temporal dos contidos ao longo do curso, en unidades de traballo, temas ou proxectos.	
Presentación integrada dos contidos sen necesidade de diferenciar en conceptuais, procedementais e actitudinais	
Vinculación dos contidos con situacións reais, significativas, funcionais ou motivantes para o alumnado	
AVALIACIÓN	
Inclúense os CA da materia e coa numeración establecida na orde de currículo	
Concreción de indicadores de avaliación a partir da análise e desagregación dos CA do currículo	
Concreción suficiente dos indicadores para ser observables ou medibles	
Relaciónanse procedementos e instrumentos de avaliación variados	
Concrétanse os criterios de cualificación achegando un valor ponderado orientativo aos diferentes instrumentos de avaliación	
Para cada un dos CA indícanse os indicadores que se consideran como aprendizaxes mínimas para superalo	
Os indicadores que expresan os mínimos esixibles aparecen en diversas unidades, temas ou proxectos para garantir suficientemente a súa adquisición	
Actividades de orientación e apoio encamiñadas á superación das probas extraordinarias	
Actividades de recuperación para os alumnos coa materia non superada en cursos anteriores e orientacións e apoios para lograr a devandita recuperación	
Información ás familias e ao alumnado dos CA, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e mínimos esixibles	
Actividades de apoio, reforzo e recuperación para atender á diversidade tendo en conta as aprendizaxes consideradas como mínimos	

Autorregulación da propia aprendizaxe: uso da autoavaliación e a coavaliación polo alumnado	
METODOLOXÍA	
Uso variado e coherente de diferentes métodos e estilos de ensino	
Consideración de metodoloxías que consideran o papel activo do alumno como factor decisivo do aprendizaxe	
Relevancia da aplicación práctica do coñecemento, da súa funcionalidade e utilidade para adquirir novas aprendizaxes	
Previsión de tarefas e propostas didácticas contextualizadas en situacións ou problemas significativos e funcionais para o alumnado	
Exponse interrelacións entre os contidos da materia e entre contidos de diferentes materias	
Equilibrio entre o traballo persoal e a cooperativo	
Adaptación dos principios básicos do método científico incidindo en actividades que permitan expor e resolver problemas e a procura, selección e procesamento da información	
Organización flexible dos recursos espazo-temporais, agrupamentos e materiais	
Materiais e recursos didácticos, incluídos os materiais curriculares e libros de texto do alumnado	
OUTROS ASPECTOS	
Incorporación da forma de abordar os valores democráticos que establece o currículo	
Asociación temporal dos distintos valores democráticos coa unidades, temas ou proxectos nos que se van a traballar	
Medidas de atención á diversidade e inclusión das adaptacións curriculares precisas	
Coordinación entre o profesorado que intervéñen co grupo de alumnos	
Coordinación do profesorado a nivel vertical: curso da etapa	
Actividades extraescolares e complementarias programadas polo Departamento	

Asdo.: Anxo Collarte Pérez

Xefe do Departamento de Xeografía e Historia do C.P.I. Padrenda-Crespos.

En San Xoán de Crespos, a 27 de setembro do 2021.